

Información detallada

 [Vídeo: Galicia e a Auga. Os Ancares e o Courel \(Galego\)](#) (131 Mb)

 [Vídeo: Galicia e a Auga. Os Ancares e o Courel \(Castelán\)](#) (131 Mb)

 [Mapa topográfico](#) (601 Kb)

## **Ancares - Courel**

Áreas de media e alta montaña (altura media de 939 m) situadas no extremo occidental da cordilleira Cantábrica. Aínda que o seu extensísimo territorio (o maior dos espazos naturais protexidos de Galicia) conta como un único espazo para efectos da Rede Natura 2000, Os Ancares e O Courel (lato sensu), constitúen dúas áreas bastante ben definidas, non só pola súa situación xeográfica, senón tamén pola súa xeoloxía, as súas condicións edáficas, o seu clima e as súas particularidades biocenóticas. Comparten, iso si, unha baixa densidade de poboación humana e ausencia de núcleos habitados importantes, un altísimo grao de despoboamento e unha economía fundamentalmente agraria.

A área dos Ancares pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea, subprovincia orocantábrica e sector laciano-ancarense. Dominio climático oceánico de montaña, con precipitacións medias anuais de 2.042 mm (a media altitude), e temperatura media de 8 °C (aínda que a media das mínimas invernais pode roldar os 2 °C baixo cero e os 4 °C a media anual dos cumios), cunha media de 157 días libres de xeadas e frecuentes precipitacións en forma de neve entre novembro e abril. A parte norte (Navia de Suarna) é lixeiramente menos chuviosa (1.800 mm anuais) e algo máis cálida (9 °C).

O Courel atópase nunha área de tránsito entre os sectores laciano-ancarense (que afecta á parte máis alta e oriental do espazo protexido) e galaico-portugués. O primeiro pertence á subprovincia orocantábrica e o segundo á subprovincia cántabro-atlántica. Ademais, ambas contactan no extremo sueste co sector berciano-sanabrés (subprovincia carpetano-leonesa, rexión mediterránea). En consecuencia, o clima é máis contrastado que nos Ancares, con fortes variacións de temperatura entre os invernos e os veráns e unha clara tendencia ás secas estivais. Así mesmo, varía considerablemente desde o norte, no contorno do Cebreiro (precipitacións medias de 2.000 mm anuais, temperaturas medias de 9 °C), ata o sur, nas beiras do Sil, que lle dan unha considerable influencia mediterránea (precipitacións de 1.000 mm, temperaturas de 13 °C), pasando polos 2.285 mm de chuvias rexistradas nas partes máis altas do interior da serra.

### **(copia 1)**

Información detallada

 [Mapa topográfico](#) (601 Kb)